


MARSHA P. JOHNSON

NACEU EN EEUU, VIVIU DE 1945 A 1992 E FOI UNHA ACTIVISTA LGBTI+, PROSTITUTA E "DRAG QUEEN". ENCABEZOU, XUNTO CON OUTRAS PERSOAS, O LEVANTAMENTO DE STONEWALL, UNHA RESPOSTA DO COLECTIVO Á VIOLENCIA POLICIAL. DESA MANEIRA CONVERTEUSE NUNHA DAS PIONEIRAS E REPRESENTANTES DO MOVEMENTO DE LIBERACIÓN GAI NO SEU PAÍS.



LAURA BUGALHO



NACEU EN SANTIAGO DE COMPOSTELA EN 1964. É UNHA SINDICALISTA GALEGA, TRANSFEMINISTA, ACTIVISTA A FAVOR DOS DEREITOS LGBTI+ E DAS PERSOAS MIGRANTES. ESTÁ SEMPRE INMERSA EN NUMEROSAS CAUSAS SOCIAIS POLAS CALES RECIBIU RECOÑECIMENTOS COMO O PREMIO NICOLÁS SALMERÓN POLA DEFENSA DAS LIBERDADES SEXUAIS.



AVERY JACKSON

NACEU EN EEUU EN 2007. CONVERTEUSE CON 9 ANOS NUN SÍMBOLO INTERNACIONAL DA COMUNIDADE LGBTI+, SENDO A PRIMEIRA PERSOA TRANS PORTADA NA REVISTA "NATIONAL GEOGRAPHIC". A SÚA VISIBILIZACIÓN DEIXOU E SEGUE DEIXANDO EN EVIDENCIA OS MUROS E PREXUIZOS DE XÉNERO QUE EXISTEN TODAVÍA NA NOSA SOCIEDADE.




PETRA DE SUTTER

NACEU EN BÉLXICA EN 1963 E FOI A PRIMEIRA MINISTRA TRANS EN EUROPA, NOMEADA EN 2020 VICEPRIMEIRA MINISTRA DO SEU PAÍS. É PROFESORA DE XINECOLOXÍA E DIRIXIU O DEPARTAMENTO DE MEDICINA REPRODUTIVA NO HOSPITAL DA UNIVERSIDADE DE GANTE. O SEU TRÁNSITO, CON 40 ANOS, LEVOUNA A SER MELLOR POLÍTICA E MELLOR DOUTORA.



ELSA RUIZ



NACEU EN MADRID NO ANO 1987. É HUMORISTA, ILUSTRADORA, PRESENTADORA E ACTIVISTA FEMINISTA. COLABOROU NO PROGRAMA DE TELEVISIÓN “TODO ES MENTIRA”, FAI SHOWS POR TODA ESPAÑA E UTILIZA O HUMOR, O DEBUXO E AS REDES SOCIAIS PARA VISIBILIZAR A REALIDADE TRANS, DESTACANDO A SÚA CANLE EN YOUTUBE “LOST IN TRANSITION”.



MARA GÓMEZ

NACEU EN **ARXENTINA** EN 1997. É A PRIMEIRA FUTBOLISTA TRANS DA HISTORIA EN XOGAR NA PRIMEIRA DIVISÓN FEMENINA DO PAÍS, SENDO DIANTEIRA NO “CLUB ATLÉTICO VILLA DE SAN CARLOS”. TRAS PELEXAR POLA ACEPTACIÓN SOCIAL, CONVERTEUSE NUN **REFERENTE INTERNACIONAL** NA LOITA POLA IGUALDADE E EQUIDADE ENTRE TÓDALAS PERSOAS.



JAZZ JENNINGS

NACEU NOS ESTADOS UNIDOS NO ANO 2000. É TODA UNHA ESTRELA MEDIÁTICA E ACTIVISTA POLOS DEREITOS LGBTI+. FUNDOU “PURPLE RAINBOW TAILS”, UNHA EMPRESA QUE RECADA FONDOS PARA CRIANZAS TRANS CREAMDO COLAS DE SEREA, E CHEGOU A CONSIDERARSE UNHA DAS PERSOAS ADOLESCENTES MÁIS INFLUENTES DO ANO 2014.




MARINA SAENZ

NACEU EN SAN SEBASTIAN EN 1970. ESTUDOU DEREITO E É A PRIMEIRA PROFESORA CATEDRÁTICA TRANS DO PAÍS. ESCRIBIU NUMEROSOS LIBROS E ARTIGOS, COLABORANDO NO REDACTADO DE VARIAS LEIS LGBTI+ E DE DEREITOS TRANS EN ESPAÑA. TAMÉN PARTICIPA HABITUALMENTE EN FOROS NACIONAIS E INTERNACIONAIS EN MATERIA DE IDENTIDADE.




JUANI BERMEJO



NACEU EN CÁCERES EN 1987. É UNHA INVESTIGADORA EN COMPUTACIÓN CUÁNTICA, ACTIVISTA, AUTORA DE NUMEROSOS ARTIGOS E A ÚNICA PROFESORA TRANS DA SÚA MATERIA EN EUROPA. EN 2019 EXPÚXOSE COMO MULLER TRANS E COFUNDOU O PROXECTO Q-TURN, UNHAS XORNADAS CUÁNTICAS DE CONFERENCIAS INCLUSIVAS.



LINIKER



NACEU EN BRASIL EN 1995. É CANTAUTORA E EXLÍDER DA BANDA CON FAMA INTERNACIONAL “LINIKER E OS CAMELONS”. SEMPRE LLE APAIXONOU A ARTE E A SÚA MÚSICA SEGUE A INFLUIR FORTEMENTE NA MOZIDADE BRASILEIRA, PROMOVENDO O CAMBIO SOCIAL E BUSCANDO REPRESENTACIÓN PARA A CULTURA TRANS NEGRA NO SEU PAIS.

